

RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, pola que se da publicidade á listaxe de aprobados no proceso e á listaxe de reserva.


Na sesión que tivo lugar o día 13 de marzo, o tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm 195, do 11 de outubro), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, acordou que:

PRIMEIRO.- Publicar como ANEXO I a esta Resolución a listaxe de persoas aspirantes que resultaron aptas no proceso, tal como se establece no apartado oitavo das bases da convocatoria, por orde decrecente de puntuación.

SEGUNDO.- Publicar como ANEXO II a esta Resolución a listaxe de reserva no proceso, tal como se establece no apartado 8º das bases da convocatoria, por orde decrecente de puntuación. Nesta listaxe de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

A Estrada, 13 de marzo de 2019.

Luis Miguez Macho



Presidente do tribunal